

Anexo1 - Convocatoria

1 Prazo de inscrición

- 1.1 o prazo de presentación de solicitudes comeza o luns 20 de xaneiro, e remata o xoves 20 de febreiro.
- 1.2 As solicitudes de inscrición poderán remitirse á AVC Casco Vello, sita na rúa Cánovas del Castillo Nº2, CP 36202 de Vigo, por correo electrónico a info@cascovellovigo.gal, correo ordinario, ou de xeito presencial de 17:00 h a 20:00 h de luns a venres.

2 Solicitude e preferencia:

- 2.1 Terán preferencia para a instalación dos postos as asociacións veciñais, ou culturais de Vigo, (ata completar o espazo), as e os artesáns con carta Galega de Artesán, que o acrediten, e as empresas radicadas no Casco Vello de Vigo por esta orde.
- 2.2 Todas as solicitudes terán que vir acompañadas da póliza de responsabilidade civil e o recibo do mesmo.

2.2.1 As e os artesáns deberan achegar documentación acreditativa da súa actividade, así como fotos dos produtos que elaboran. Nos días da festa, a organización fará comprobacións dos produtos que estean á venda, os cales deberán axustarse á actividade acreditada e ás fotos remitidas, tanto no relativo aos materiais empregados como á natureza artesá da súa produción. A falta de concordancia dos produtos implicará a inadmisión do posto ou o seu peche inmediato.

2.2.2 As asociacións terán que entregar unha carta na que solicitan o posto, asinada pola persoa representante legal da mesma, acompañada dunha fotocopia do CIF da entidade.

2.2.3 As entidades (empresas, asociacións...) que sexan aceptadas para participar no mercado, terán que asinar un descargo de responsabilidade, ademais, no caso de facer calquera tipo de instalación desmontable, terán que entregar a correspondente declaración responsable (anexo 6) para a montaxe e posta en funcionamento, segundo normativa municipal. E a maiores no caso de vender produtos alimenticios (comida e ou bebida) terán que entregar a declaración responsable sobre condicións hixiénicas e técnico sanitarias... (Anexo 5).

- 2.3 Todas as persoas, entidades e empresas que soliciten un posto no mercado deberán achegar o xustificante do ingreso bancario efectuado co importe da fianza e gastos segundo o establecido no punto 1 das Bases para a instalación de postos.

Nº de conta ES96 2080 5045 8930 4001 0210 de ABANCA

- 2.4 A devolución da fianza efectuarase por idéntico medio, achegarase no momento da solicitude, o correspondente número de conta, no que ten que constar o nome da persoa titular. **A devolución da fianza efectuarase unha vez que a comisión organizadora, avalíe o discorrer da festa e o correcto cumprimento, por parte de cada posto, das normas da organización.**

- 2.5 As solicitudes que non acheguen toda a documentación esixida, non serán admitidas a trámite.

- 2.6 O venres 7 de marzo publicarase a lista de postos admitidos, con indicación do número asignado a cada un deles, e o nome da persoa representante. O mércores 19 de marzo publicarase a súa localización exacta. Esta información estará dispoñible na oficina da AVC Casco Vello, sita na rúa Cánovas del Castillo Nº2, de Vigo.